

Que clase de palabra é cada unha das destacadas? Elixo unha opción.




## I

Cando eu tiña seis anos, unha vez vin nun libro sobre a Selva Virxe, que se titulaba *Historias vividas*, unha magnífica estampa. Representaba unha serpe «boa» tragando unha fera.

Diciase no libro: «As serpes 'boas' tragan a súa presa enteiraíña de todo, sen mastigala. Despois non se poden mover e dormen durante os seis meses que tardan en facer a dixestión».

Matinei eu entón moito sobre as aventuras da xungla, e cun lapis de cores conseguín trazar o meu primeiro debuxo. O meu debuxo número 1. Era así:



*O Principiño*, Antoine de Saint- Exupéry